

ANUNCIO DA EXPOSICIÓN PÚBLICA DA LIQUIDACIÓN SOBRE DO PADRÓN DO XIMNASIO MUNICIPAL DO MES DE NOVEMBRO

Esta alcaldía, por Resolución núm. 627/2024 de data 06 de novembro de 2024, aprobou a liquidación sobre o padrón do Ximnasio Municipal do mes de novembro, quedando a disposición de todos aqueles usuarios que desexen consultalo a partir da data desta publicación.

O aboamento das taxas cargarase no número de conta facilitado por cada un dos titulares dos usuarios das escolas deportivas. Finalizado o prazo de aboamento iniciarase o período executivo e a débeda resultante esixirase polo procedemento de constrinximento, con cargo do 20% e os xuros de demora que se devindiquen dende o antedito período. Non obstante, o recargo será do 5% e non se esixirán xuros de demora se a débeda se aboase antes de recibir a notificación de providencia de constrinximento.

PERIODO E LUGAR DE CONSULTA

O padrón de usuarios dos ximnasiaos municipais do mes de novembro de 2024 poderá ser consultado na Oficina Municipal de Curtis ou ben na Casa do Concello, durante o período de quince días hábiles dende ó día seguinte a esta publicación.

RECURSOS

Contra o Padrón de Usuarios todos os interesados poderán interpor recurso de reposición, segundo disposto no artigo 14 do Real Decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó remate da exposición ó público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis meses que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime oportuno.

Documento asinado electrónicamente polo alcalde, Javier Fco. Caínzos Vázquez, na data que figura na marxe.